

INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E LÍMITE DE DÉBEDA NA APROBACIÓN DO ORZAMENTO CONSOLIDADO DA UNIDADE INSTITUCIONAL DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA CORRESPONDIENTE O EXERCICIO 2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento da Unión Europea nº 2223/96 relativo o Sistema Europeo de Contas Nacionais y Rexionais (Abreviadamente SEC).
- RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLHL).
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira (en adiante LOEPSF).
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das corporacións locais.
- Bases de Execución do Orzamento.
- Manual de Cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado as Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición, novembro 2014. IGAE.
- Manual do SEC sobre Déficit Público e da Débeda Pública, publicado por Euroestat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000 do Consello da Unión Europea.

1.- ANALISIS DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA.-

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, no artigo 11.4, establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, como forma de instrumentar o principio de estabilidade orzamentaria.

A aplicación das regras fiscais retomárase en 2024 e a Comisión Europea presentou a súa proposta ao redor das mesmas. Dita proposta recolle, en gran medida, os acordos alcanzados polo Ecofin no pasado mes de marzo. Así, os alicerces sobre os que descansaría a nova normativa serían:

Incrementar a apropiación nacional da normativa a través dos plans fiscais e estruturais a medio prazo. Estes plans fusionarán os actuais Programas de Estabilidade e Conxuntura cos Programas Nacionais de Reforma. Deberán ter en conta os Plans de Recuperación e Resiliencia dos Estados membros durante a vixencia do Mecanismo para garantir a coherencia das políticas.



Establecer regras máis simples. Mantéñense os límites do 3% de déficit e 60% de débeda sobre PIB, sendo o indicador de referencia o gasto primario neto nunha perspectiva plurianual. Desaparece a regra de redución dun vinteavo anual de débeda e os valores de referencia sobre o saldo estrutural.

Facilitar as reformas e o investimento conducentes a alcanzar as prioridades da UE (especialmente transición verde e dixital) mediante cláusulas de salvagarda. En todo caso, a Comisión non incluíu na proposta un tratamento especial para ningún investimento en concreto (algúns países pedían exclusións para os investimentos verdes e en defensa)

Garantir o cumprimento efectivo da normativa mediante sancións financeiras máis pequenas, e por tanto máis factibles.

De aprobarse a normativa tal e como propuxo a Comisión, o novo proceso de vixilancia para os países que superen os límites de débeda e/o déficit implicaría seguir a seguinte senda:

- A Comisión definirá as traxectorias técnicas a seguir por cada Estado para alcanzar os niveis do 3% e do 60%.
- Os Estados elaborarán os plans fiscais-estruturais a medio prazo coas súas traxectorias de axuste e os seus compromisos de reforma e investimento.
- Consello aprobará ou denegará os plans tras a súa avaliación por parte da Comisión.
- Axuste fiscal contido nos plans calcularase a un horizonte de catro anos, que poderá aumentar ata sete no caso de que se recollan compromisos de realizar reformas e investimentos que axuden a cumprir o axuste fiscal (p.e. que melloren a produtividade).

De acordo co anterior na aprobación do orzamento, a Intervención debe informar do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, en virtude do disposto nos artigos 15.3.c) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

Tal e como indican os citados preceptos, este informe é independente ao que debe emitir a Intervención con motivo da aprobación do orzamento xeral por mandato do artigo 168.4 do TRLRHL, e elabórase no exercicio do control financeiro permanente previo pola Intervención.

¿Que obxectivo debe terse en conta para o ano 2025?

O pasado 16 de xullo, o Consello de Ministros aprobou o Acordo polo que se fixaban os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o período 2025-2027 e o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para o ano 2025.



No que respecta ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, para o subsector Administración Local, o Acordo contempla o equilibrio orzamentario (0,0):

	2025	2026	2027
Administración Central	-2,2	-1,8	-1,5
Comunidades Autónomas	-0,1	-0,1	-0,1
Entidades Locais	0,0	0,0	0,0
Seguridade Social	-0,2	-0,2	-0,2
Total Administracións Públicas	-2,5	-2,1	-1,8

Aprobado o citado Acordo polo Consello de Ministros, e de acordo coa tramitación prevista no artigo 15 da LOEPSF, do citado Acordo, deuse traslado ás Cortes Xerais para a súa votación.

Con todo, o Congreso dos Deputados en sesión de 23 de xullo, rexeitou os obxectivos de estabilidade e débeda para o período 2025-2027, así como o límite de gasto non financeiro (178 votos en contra e 171 a favor).

Cumprindo co disposto no artigo 15.6 da LOEPSF, o Consello de Ministros aprobou un novo Acordo o pasado 10 de setembro, no que se mantiveron os mesmos obxectivos e o mesmo límite de gasto, que no Acordo anterior de data 16 de xullo.

Aínda que nun primeiro momento se ía a proceder á votación deste novo Acordo o pasado xoves, 26 de setembro, finalmente o Goberno decidiu retirar e pospor a votación, sen que polo momento se coñeza unha nova data.

Iso sitúanos, de novo, nun escenario xa coñecido: a elaboración e aprobación dos orzamentos sen dispor dun obxectivo de estabilidade confirmado.

Non en tanto, dado o contido dos dous Acordos aprobados polo Consello de Ministros (Acordo de 16 de xullo e Acordo de 10 de setembro) non parece que o obxectivo final de estabilidade para o subsector Administración Local afástese do 0,0%, motivo polo que se aconsella ás entidades locais enfocarse en cumprir co equilibrio orzamentario.

En consecuencia, a Deputación Provincial de Pontevedra está obrigada a axustar o Orzamento e a súa execución ao principio de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (denominado SEC). Para o SEC encontráronos en situación de equilibrio cando non exista "necesidade de financiamento", é dicir, cando os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 de ingresos) sexan suficientes para financiar os gastos non financeiros (capítulos 1 a 7 de gastos), unha vez realizados os axustes necesarios para converter os datos da contabilidade orzamentaria á contabilidade nacional.

En canto o regulamento de estabilidade orzamentaria, mantense vixente en todo o que non se opoña ao establecido na Lei Orgánica 2/2012. En consecuencia, segundo o establecido no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento



de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Corporacións Locais, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de esta Entidade local corresponde á Intervención, que deberá elevar ao Pleno *“un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. O informe emitirase con carácter independente e incorporárase ós previstos nos artigos 168.4, 172.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as modificacións e a súa liquidación”.*

De acordo co anterior, en relación co expediente de **“Orzamentos Consolidados” para o exercicio 2025, da Deputación Provincial de Pontevedra, da Fundación Escola de Enfermería, do Consorcio Contra Incendios e Salvamento Provincial (dependente 50%) e do Consorcio Contra Incendios e Salvamento Deza-Tabeirós Terra de Montes (dependente 42%),** emítese o seguinte informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria:

INGRESOS

Nº. Cap.	Capítulos	Importes
I	Impostos directos	18.579.516
II	Impostos indirectos	14.082.457
III	Taxas e outros ingresos	15.395.054
IV	Transferencias correntes	160.607.720
V	Ingresos patrimoniais	3.594.654
	Total ingresos correntes	212.259.401
VI	Venda de inversións reais	850.500
VII	Transferencias de capital	1.200.000
	Total ingresos op. Cap. No financeiras	2.050.500
VIII	Variación de activos financeiros	260.000
IX	Variación pasivos financeiros	0
	Total ingresos op. Capital financeiras	260.000
	Total ingresos op. Capital	2.310.500
	Total ingresos	214.569.901

GASTOS

Nº. Cap.	Capítulos	Importes
I	Gastos de persoal	60.256.263
II	Gastos en bens e servizos correntes	50.028.222
III	Gastos financeiros	788.865
IV	Transferencias correntes	42.143.481
V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.003.000
	Total gastos correntes	154.219.831



VI	Inversións reais	15.067.872
VII	Transferencias de capital	42.841.156
	Total gastos op. Cap. No financeiras	57.909.028
VIII	Variación activos financeiros	279.400
IX	Variación pasivos financeiros	2.161.642
	Total gastos op. Cap. Financeiras	2.441.042
	Total op. Capital	60.350.070
	Total gastos	214.569.901
	Ingresos non financeiros (cap. I a VII ingresos)	214.309.901
	Gastos non financeiros (cap. I a VII gastos)	212.128.859
AXUTES		
	1) Axustes recadación capítulo 1	-250.000,00
	2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
	3) Axustes recadación capítulo 3	0,00
	4) Axustes recadación capítulo 4 (Desv. Financiación UE.)	500.000,00
	5) Axustes recadación capítulo 6	
	6) Axustes recadación capítulo 7 (Desv. Financiación)	-350.000,00
	7) Axuste liquidación PIE (2008, 2009, 2020)	1.888.303,53
	8) Axuste por devengo de xuros	0,00
	9) Axuste por arrendamento financeiro	0,00
	10) Axuste por grado de execución do gasto	0,00
	11) Axuste por gastos pendentes de aplicar o orzamento	0,00
	12) Axuste tranf. O.A.L. a Deputación	0,00
	c) Total axustes ó Orzamento	1.788.303,53
	c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5, 6,7)	216.098.204,53
	d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b +/- 8, 9, 10, 11, 12)	212.128.859,00
	e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN(c - d)	3.969.345,53
	En porcentaxe sobre os ingresos no financeiros axustados (e/c)	1,84%

Tal como recollen os artigos 3 e 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, esta Deputación Provincial na elaboración e aprobación dos orzamentos mantén una posición de superávit, "O Déficit ou Superávit orzamentario non financeiro é igual á diferenza entre os dereitos que se prevén recoñecer non financeiros (capítulos 1 a 7) e as obrigas non financeiras que se poden acadar (capítulos 1 a 7)", reflectindo na aprobación inicial un superávit non financeiro de: **3.969.345,53 €.**



2.- REGRA DO GASTO.-

O cálculo da “regra de gastos” de acordo co art. 12.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), desenrolase tomando como base as obrigas estimadas do exercicio 2024, para cuantificar o límite de “gasto computable” aplicable o orzamento do exercicio seguinte, que non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo.

Por outra parte, de acordo co artigo 15.3 letra c) da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril (LOEPSF), tan solo esixe a remisión antes do 31 de xaneiro, do informe da intervención da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite de débeda, si ben no artigo 16.4 da norma dispón que trimestralmente se valorará o cumprimento da regra de gasto o cerre do exercicio. Mediante consulta formulada a “Subdirección Xeral de Estudos e Financiación das Entidades Locais”, en data do 5 de decembro de 2014, resolveu que: “con ocasión da aprobación do orzamento xeral non será obrigatoria a emisión de informe nin valoración da regra do gasto en relación co orzamento inicial ou ó seu proxecto, nin a súa remisión o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas”.

En concordancia non incorporamos a este informe o cálculo correspondente á “Regra de gasto”.

3.- DETERMINACIÓN DO LÍMITE DE DEBEDA PÚBLICA.-

O obxectivo de débeda pública deriva directamente do principio de sustentabilidade financeira, definido no artigo 4 da LOEPSF como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial.

Así, a sustentabilidade tradúcese na existencia da capacidade suficiente para financiar eses gastos presentes e futuros, o que se mide a través do tres límites indicados, situándose no de débeda pública a regra fiscal.

Regulada no artigo 13 da LOEPSF, a regra fiscal de débeda pública leva que o volume de débeda pública do conxunto das Administracións Públicas, definida de acordo co Protocolo sobre Procedemento de déficit excesivo, debe limitarse a unha porcentaxe determinada do Produto Interior Bruto (PIB).

A LOEPSF fixa este límite no 60%, de modo que o volume de débeda nos termos indicados non pode superar o 60% do PIB nacional.

A distribución da devandita porcentaxe realízase da seguinte forma:

44% para o Estado.

13% para as Comunidades Autónomas.



3% para as Corporacións locais.

Ao contrario que o sucede no caso das Comunidades Autónomas, no que se atribúe unha porcentaxe específica e individual a cada Comunidade, o 3% correspondente ás Corporacións locais, aplica ao conxunto do subsector local, sen que se delimite para cada entidade.

O cálculo da débeda financeira, nos termos que se indicarán posteriormente, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación.

Así, e do mesmo xeito que co obxectivo de estabilidade orzamentaria, a Intervención informará do cumprimento do obxectivo de débeda pública con motivo da aprobación do orzamento, tal e como dispón o artigo 15.3.c) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

¿Que obxectivo debe terse en conta para o ano 2025?

O Acordo de 16 de xullo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o período 2025-2027 e o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para o ano 2025 fixou o seguinte obxectivo de débeda pública aplicable ao subsector local para o período 2025-2027:

2025	2026	2027
1,3	1,3	1,2

Rexeitado polo Congreso dos Deputados o Acordo, o novo Acordo aprobado polo Consello de Ministros o 10 de setembro (pendente actualmente de aprobación polas Cortes Xerais) mantén o mesmo obxectivo de débeda pública.

En todo caso, e tal e como xa se indicou, o artigo 13 da LOEPSF refírese ao conxunto do sector das Corporacións Locais ao regular o límite de volume da débeda pública, polo que carece de aplicación práctica ás entidades locais individualmente consideradas.

A débeda financeira debe medirse en termos de volume de débeda viva e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito, establecido nos artigos 52 e 53 do TRLRHL e na Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

A efectos de determinar o límite de endebedamento, o total da débeda viva a efectos do réxime de autorización detállase en:

- Débeda a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo, incluída a débeda a curto prazo e a débeda a longo prazo, desagregando entre:
 - ❖ Emisións de débeda.
 - ❖ Operacións con entidades de crédito.



- ❖ Factoring sen recurso.
- ❖ Débedas con administracións Públicas.
- ❖ Arrendamentos financeiros.
- ❖ Asociacións público-privadas.
- ❖ Pagos aprazados con operacións con terceiros.
- ❖ Outras operacións de crédito.
- Risco deducido de avais.
- Operacións formalizadas dispoñibles non dispostas.
- Débeda con Administracións Públicas, distinta á incluída no FFEL.
- Importe de operacións proxectadas ou formalizadas.
- Outras débedas.

En consecuencia e na práctica habitual, para medir esta variable, as entidades locais, aplican de maneira análoga, os límites aplicables á concertación de operacións de endebedamento.

No punto 5º do Art. 13 da LOEPSF recolle "a autorización do Estado, ou no seu caso das CC.AA., as Corporacións Locais para realizar operacións de crédito e emisións de débeda, en cumprimento do establecido no art. 53 do TRLRHL, terá en conta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda, así como o cumprimento dos principios e obrigas que se derivan da aplicación desta lei. O TRLRHL limita a contratación de novas operacións de crédito a longo prazo por parte das Entidades Locais o cumprimento de 3 requisitos:

- Aforro neto positivo.
- Volume de capital vivo engadida a operación proxectada menor o igual o 110% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.
- Que o importe da débeda se destine a operacións de inversións, capítulos 6 y 7 do orzamento de gastos.

Débeda Pública da Deputación a nivel consolidado:

EXERCICIO	Ano 2024	Ano 2025
<i>Total ingresos correntes do orzamento</i>	<i>192.034.162 €</i>	<i>212.259.401 €</i>
Débeda viva a 31/12	21.616.415,00	19.454.773,50
A curto prazo	2.161.641,50	2.161.641,50
A longo prazo	19.454.773,50	17.293.132,00
Rateo débeda viva/Ingresos correntes	11,26%	9,17%



De acordo cos datos anteriores, á data de aprobación dos orzamentos consolidados da Deputación Provincial de Pontevedra **CUMPRE** co “Límite de Débeda” fixada polo **TRLRHL** **ao ser inferior o 110%** dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

RESULTADO DO INFORME DE ESTABILIDADE PRESUPUESTARIA E LÍMITE DE DÉBEDA.-

O resultado da avaliación do Obxectivo de “Estabilidade Orzamentaria, Regra de gasto e Límite de débeda” no Proxecto de Orzamentos Xerais da Entidade para o exercicio 2025, resulta:

- Capacidade de financiamento, “superávit non financeiro” = **3.969.345,53 €**.
- Límite de débeda sobre ingresos correntes a liquidar en 2025 = **9,17%**
- O resultado da avaliación: **CUMPRE COS OBXETIVOS SINALADOS NA APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2025.**

Para dar cumprimento a dito precepto, o informe emitido debe elevarse ao Pleno para o seu coñecemento e a os efectos previstos na normativa de aplicación en materia de “estabilidade orzamentaria”.

Documento datado e asinado dixitalmente ao marxe

